

CATÁLOGO  
DA  
EXPOSICIÓN



## ORGANIZAN

Facultade de Educación e Traballo Social • Universidade de Vigo • Campus de Ourense  
Concello de Ourense



## COLABORAN

Centro de Investigación MANES  
Centro Internacional de la Cultura Escolar (Berlanga de Duero, Soria)  
Actividades Culturales de la Biblioteca de la UNED  
Archivo General de la UNED



Centro de Investigación MANES  
Biblioteca UNED  
Archivo General de la UNED



Diseño artístico: Arantxa Blázquez

# FLORA

## OU A EDUCACIÓN DUNHA NENA NA SOCIEDADE TRADICIONAL



1º Andar do Edificio de Ferro  
Facultade de Educación e  
Traballo Social

Do 5 de marzo ao  
30 de abril de 2024



Flora, ou a educación dunha nena na sociedade tradicional, é unha exposición que recolle documentos orixinais e reflexións sobre o que foi a formación da muller na sociedade tradicional, particularmente no franquismo; unha educación que transmitía unha imaxe baseada na diferenciación e exclusión, características do sistema educativo durante o século XIX e boa parte do XX.

Móstranse libros de texto e material escolar que orientaron a educación da muller no pasado, unha realidade ben distinta das expectativas de igualdade que reivindican as novas políticas de xénero.

A exposición estrutúrase en seis seccións, que mostran as distintas facetas da educación da muller tradicional fomentadas pola escola:

- a) A muller adscrita ao fogar e á maternidade.
- b) A formación na economía doméstica.
- c) A costura e o bordado.
- d) As regras de urbanidade.
- e) O comportamento feminino, circunscrito ás diferentes clases sociais.
- f) Modelos de muller exemplar que lles son transmitidos ás nenas a través da lectura e da escritura.



A exposición chega a Ourense despois da súa mostra nas sedes das entidades promotoras: o CEINCE (Centro Internacional de Cultura Escolar) de Berlanga de Duero e o Centro de Investigación MANES, da UNED, que cumpre 30 anos no estudo da historia dos manuais escolares.

Agradecemos ás dúas institucións, en particular ao profesor Agustín Escolano Benito e á profesora Gabriela Osembach, a cesión da exposición e o traballo de catalogación e interpretación histórica, que fai posible tomar conciencia dun pasado educativo que inflúe de maneira decisiva nas resistencias actuais aos cambios de mentalidade, a pesar de contar cunha lexislación e un corpus teórico moi avanzado nas últimas décadas.

Facemos extensivo o agradecemento á SEPHE e aos distintos centros e servizos da UNED, que participaron na elaboración da exposición e colaboraron na cesión para a súa mostra en Ourense.

A sociedade ourensá poderá acceder libremente á Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, no horario de apertura do centro, onde estará exposta grazas á colaboración do Concello de Ourense e da Vicerreitoría do Campus.

